

Proxecto EPÍSTOLA



Colección: Fondo: Luís Seoane depositado na Fundación Luís Seoane.

Ficha documental da epistola de Domingo García-Sabell, a Luís Seoane do 18/12/1974

Colección:

Data: 18/12/1974

De:

Domingo García-Sabell;

Para:

Luís Seoane;

Orixe:

Nova York (local), Nova York (estatal), EEUU (nacional)

Orixe:

Doutor Teixeira, 11 (de enderezo), Santiago de Compostela (municipal), Santiago de Compostela (comarcal)

Destino:

Bos Aires (de cidade autónoma), Arxentina (nacional), América (continental)

Ficha descriptiva:

[Carta mecanografada con firma autógrafa e membrete:] DR. DOMINGO GARCÍA-SABELL/DR. TEIJEIRO,
11/TELÉFONO 592116/SANTIAGO

Localización física:Fundación Luis Seoane

Temáticas:

Testamento geométrico; Artes; Literatura;

Mencionados:

Rafael Dieste; Marino Dónega; Maruxa Seoane; Elena Tormo;



[VER O DOCUMENTO ORIXINAL](#)

Transcripción da epistola de Domingo García-Sabell, a Luís Seoane do 18/12/1974

18-XII-1974

Sr. D. Luis Seoane
BUENOS AIRES

Querido Luis:

Hai moito tempo que soio teño novas de tí pola vía de algúns amigos. Sei que traballas moito –como decote–. E sei, tamén, que en Xaneiro hemos de contar contigo eiquí. Estou desexando que iso aconteza. Eu na Cruña apenas me entrevisto con Dónega e, nalgunha vegada, con Dieste. Por certo, o libro euclideán diste debe saír agora do prelo. A pedido do autor, fixen un pequeno prólogo. O que me non remata de gustar é o título que lle diu ao libro, Testamento geométrico. Agora o que desexo é facerche presente a tí e a Maruxa o noso agarimo pra o Aninovo que, mesmo que semella duro abondo, pra todos nós ha sere fecundo e, en máis de un senso, compensador.

Apertas cariñosas de Elena e miñas pra os dous. E deica pronto. Teu

Domingo

Aviso legal do Consello da Cultura Galega

A difusión dixital deste epistolario e os seus contidos, textos e calquera creación intelectual existente nesta edición están protexidos pola lexislación en materia de propiedade intelectual.

De conformidade co previsto na Lei orgánica 1/1982, do 5 de maio, sobre protección civil do dereito ao honor, á intimidade persoal e familiar e á propia imaxe, quen entenda que os contidos deste epistolario poidan supor unha intromisión ilexítima nos seus dereitos deberá poñelo en coñecemento do Consello da Cultura Galega a fin de adoptar, de ser o caso, as medidas oportunas.

O acceso e uso da edición dixital do Epistolario implica o coñecemento e plena aceptación destas condicións.

Colección "Fondo Fundación Luís Seoane":

A difusión dixital deste epistolario realízase ao abeiro do convenio suscrito polo Consello da Cultura Galega e pola Fundación Luís Seoane con data 4 de decembro de 2008, polo que ambas as dúas institucións comparten a súa titularidade.

A Fundación Luís Seoane, como única depositaria do legado deste persoeiro galego, é a propietaria das cartas deste epistolario, que está integrado tanto pola correspondencia recibida por Luís Seoane como pola remitida por el a outros destinatarios.

Consultas e colaboracións:

Se posúes ou coñeces a existencia de fondos epistolares ou se consideras algunha suxestión sobre as cartas agradecemos a túa colaboración en epistolarios@consellodacultura.gal ou no teléfono 981957208.